

Vogar de couse, Alexandre Nerium

Xosé Luís Axeitos

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

AXEITOS, XOSÉ LUÍS (2011 [2003]). “*Vogar de couse, Alexandre Nerium*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 159-160. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/900>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

AXEITOS, XOSÉ LUÍS (2003). “*Vogar de couse, Alexandre Nerium*”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 159-160.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Alexandre Nerium

A Coruña: Espiral Maior, 2003

XOSÉ LUÍS AXEITOS

O día 27 de decembro de 2003, sábado, nunha noite de invernía e de ventos que zoaban (dou fe de que non é tópico nin adorno) achegámonos a Fisterra para participar na presentación dun libro poético editado por Espiral Maior. Cando cheguei ao lugar da convocatoria, mollado e canso, atopei a catro persoas tan desorientadas coma min que preguntaban polo autor do poemario.

De alí a pouco, empezou a chegar xente e xente e xente e coidei, ao ver un extenso e ben iluminado comedor anexo, que eran os convidados a un casamento. Uns minutos máis e vinme asolagado naquel vendaval festeiro que se convertería en respectuoso silencio cando comezou o acto literario. A miña mensaxe amigable e admirativa de lector trocouse xeada cando un grupo de mariñeiros da vila recitaron algúns dos poemas do libro de Alexandre Nerium e puideron comprobar que aquelas palabras ensalitradas non sei se estaban recollidas nos repertorios léxicos pero si formaban parte da vida.

Aquelas voces dos mariñeiros arroupados por centos de veciños converteuse para min nunha relectura que deixou a miña intervención insignificante e miope. Foi, repito, unha relectura, non unha segunda ou terceira lectura. Outra lectura que pode integrar todas as lecturas posibles.

Desde ese día de decembro de 2003 sigo a ler *Vogar de couse* coma se percorrese unha paisaxe na que hai que ver desde todos os puntos e desde todas as direccións sen que teñamos a sensación da saír da realidade, unha realidade que estala coma unha noite estrelecida.

Non me é doado racionalizar e expor todas as sensacións recollidas naquela lectura e posteriores relecturas pero vou tentar unhas notas converxentes.

Da lectura devandita dos mariñeiros deseguida me decatéi de que no poemario de Nerium había palabras relucentes recollidas do mundo do traballo do mar que nada teñen que ver co léxico dos lingüistas. As palabras serven para cantar, para vivir e o léxico non deixa de ser unha mirada intelectual e libresca. Con razón dicía Valéry que a poesía non se fai con etiquetas de botellas, e os poemas de *Vogar de couse* son auténticos obxectos verbais con vocación de pervivencia, auténticos xogos de espellos e repeticións que están destinados a ecoarse para dilatar a emoción do poeta e do lector. Neste *xogo de espellos* cómprelle unha función especial á rima, ao ritmo, algo definidor da auténtica poesía. A poesía actual, filla do vello romanticismo, quixo ver nos aspectos prosódicos do poema un prexuízo innecesario e fixou a súa atención noutras perspectivas retóricas.

Os poemas de Nerium teñen unha textura fonética e musical moi particular que os fai inconfundibles, ensaiando novos ritmos e reintegrando o poema a uns moldes desusados e novos. Os quintetos do poemario son un gozoso pentagrama onde se anoa intelixencia e experiencia. Pero se o lector quere contemplar este aspecto do poemario con pretensión normativa estará condenado ao fracaso porque no poemario de Nerium a métrica é unha nova xeografía, non unha lexislación ríxida.

Nesta xeografía, que actúa coma descuberta, é onde as palabras do mundo do traballo se configuran coma un espazo de liberdade sen perder a súa ine-

quívoca vocación moral. Os seus amigos que recitaron naquel día recordable *viron* aquelas palabras salferidas súas de cada día ennobrecidas pola música do poema coma os cantos de granito do Obradoiro se fixeron arte ao estar sacados do seu medio e dispostos maxistralmente. Os canteiros gravaron a súa moral pétrea na fachada e os mariñeiros, coma os lectores, sentimos o mar nesas palabras que *han de vogar contracorrente*.

Cada poema do libro é unha tentativa de ofrecer unha visión inédita do cotián onde se mesturan os salseiros coa suor do traballo. O poemario apunta, por este motivo, cara a unha lectura social novidosa e inédita:

A nosa estirpe, vós, homes do mar que vindes
co peso dos barxáns por capear ó lonxe,
fartos de atalingar mouréns, de achicar dores,
de volver debagar canta avidez subsiste
enriba dos cuarteis dos temporais inortes.

Outro elemento importante, outro material da construción do poemario de Nerium é a intertextualidade. Adoita celebrarse esta coma homenaxe e admiración ao xenotexto poético pero neste libro significa moito máis: a vontade de construír o común, de integrar, do mesmo xeito que a poesía antiga, oral, case relixiosa, responsable de emparentar relixión e poesía. Os ecos e voces poéticas dos nosos poetas ecoan aquí e acolá con

vontade solidaria e construtiva. Esta destemida vontade integradora, construtiva, fainos presente títulos —*Memorial de brancura, Seraogna, Remol de travesías, Estirpe, Ao pé de cada hora*, etc.— da memoria lectora dos galegos. Este repaso histórico-poético integra especialmente no seu discurso a Manuel Antonio, que lle confire ao libro unha estrutura de singradura, de viaxe por espazos que non por estar preto resultan menos insólitos.

Ten esta intertextualidade un grave perigo para o lector desprevido e pouco avisado, que converte en mímese o que non é outra cousa que afán e desexo construtivo.

Outro aspecto importante da poesía de Nerium é a súa capacidade visual, case cinematográfica, que se logra non coma unha sucesión de fotos ou vistas fixas de tarxeta postal senón nunha perfecta unidade entre paisaxe interior e paisaxe exterior:

No tránsito: as gamelas encalladas na rampla,
as pezas encascadas ennegrecendo a area,
os ensebados imos subindo azuis buquetas,
o escálamo, os estobos, agardando na praia
o destonar do axexo da muda primavera.

Todo semella responder no libro a aquela máxima de que a poesía ten o seu propio mundo pero tamén ensancha o mundo ■